

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de decembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Jose Juan Roca Lorenzo. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 03.12.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día tres de decembro de 2009.

2.- BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2009.

Tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar a súa aprobación ás bases xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público de 2009, según texto obrante no expediente, de data 13.11.09.

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ Y OTROS S.C. en representación de D. ARTURO PERMUY ROMÁN (EXPTE. 146/2009) segundo solicitude de data 31 de agosto de 2009, para substitución de cuberta, Franza, referencia catastral: 001801300NJ61A (agora 001852100NJ61A).

A edificación está situada nunha parcela cualificada polo PXOM como Solo Rústico Común (SRC).

A obra autorízase coas seguintes condicións:

- Non suporá incremento de volume nin cambio de uso.

- Non suporá reestruturación completa nin obras de formigón armado. Autorízanse obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen a substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza igual ou diferente aos substituídos pero respectando a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente dos edificios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. ESTEBAN ROIBAL CORTIZAS (EXPTE. 180B/2009) segundo solicitude de data 15 de outubro de 2009, para cambio de canalón no fronte do edificio e recolocación de tellas na embocadura do mesmo, en Cantón de Cora nº 3, referencia catastral: 0125901NJ6102N.

A obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SUCA) polo PXOM.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

O edificio atópase fóra de ordenación, por non axustarse ás determinacións do artigo 203 do vixente PXOM.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. FAUSTINO CASTELEIRO GONZÁLEZ (EXPTE. 191/2009) segundo solicitude de data 17 de novembro de 2009, para cambio de dúas ventás, na fachada posterior do edificio por outras de iguais características estéticas, en Avda. Bello Piñeiro nº 9, 3º esq., referencia catastral: 3719003NJ6131N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. AMÉRICA DOVAL FERNÁNDEZ (EXPTE. 192/2009) segundo solicitude de data 17 de novembro de 2009, para cambio de cuberta, en R/ Xesteira nº 28, referencia catastral: 0624010NJ6102S.

A obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano Semidenso (SUSD) polo PXOM.

O cambio será nunha superficie de 90 m², substituíndo a existente por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

O edificio atópase fóra de ordenación, por aliñacións; dacordo co artigo 49.3 a licenza pode ser outorgada.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

B) SOLICITUDES DE PRÓRROGA

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como o informe da arquitecta municipal de data 14.12.2009, por unanimidade, acorda a concesión por un prazo de 6 meses da seguinte prórroga para o inicio das obras:

- **D. PEDRO MÉNDEZ VARELA (N.R.E. 5.841/29.10.2009)**, para cambio de cinco portas e dezaozove ventás de aluminio por PVC, en Avda. do Seixo nº 51, referencia catastral: 3517402NJ6131N, ao abeiro da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 07.05.2009 (Expte. 43/2009).

C) PROXECTOS DE EXECUCIÓN. PERMISO PARA INICIO DAS OBRAS (EXPTE. 69/2009)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda conceder permiso para o inicio das obras que deseguido se indican:

- **D. DARÍO CARREIRA SOUTO (N.R.E. 5.671/19.10.2009)**, para ampliación de vivenda unifamiliar illada, en R/ do Penedo nº 65, referencia catastral: 1821407NJ6112S, dacordo co proxecto de execución asinado polo arquitecto D. Jesús A. Fernández Muiños, visado polo C.O.A.G. en data 05.06.2009, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2009 (expte. 69/2009).

O arquitecto técnico director da execucion material das obras é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

D) PECHES:

- **D. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ MENÉNDEZ (EXPTE. 169/2009)**, segundo solicitude de data 25 de setembro de 2009, para construción de peche de bloque de formigón e reixa, en Cancelo - Franza, referencia catastral: 15052A015001840000MA.

O peche será entre propiedade e terá 135 metros de lonxitude e unha altura total de 1,50 metros, -sendo 1 metro cego e 0,50 metros de celosía-. (Dacordo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

O peche está situado en Solo Rústico, polo tanto deberá axustarse ás determinacións da LOUGA 9/2002. É un uso permitido dacordo ao artigo 33.2.i), debendo de cumprir as

especificacións do artigo 42.1.c).

Os peches e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica sobrepasen a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se emplacen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou arames, nin os remates agudos.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. MARÍA LUZ CALVO SOUTO (EXPTE. 189/2009), segundo solicitude de data 11 de novembro de 2009**, para construción de peche de 43 metros de lonxitude e altura total máxima 2 metros, en Os Casás nº 6, referencia catastral: 0719003NJ6101N.

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou arames, nin os remates agudos.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 2,00 metros de altura entre propiedades, limitándose a 1,50 metros fronte a camiño público. (Dacordo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

O peche iniciárase a unha distancia de 6,5 metros do eixo da vía pública. Debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

E) OBRAS MAIORES:

- **Dna. MARI CARMEN PÉREZ DOVAL en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R/ PETEIRO Nº 30 (EXPTE. 159/2009) segundo solicitude de data 14 de setembro de 2009**, para reforzo da estrutura no semisoto do edificio de vivendas existentes, en R/ Peteiro nº 30, referencia catastral: 0025003NJ5192N, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado visado polo C.O.A.G. en data 02.09.2009, e documentación anexa presentada en datas (N.R.E. 6.009/05.11.2009) e (6.173/16.11.2009). Unha vez presentado o nomeamento oficial do técnico director da execución das obras en data 11.12.2009.

O edificio sitúase nunha parcela cualificada polo PXOM como Solo Urbano Denso (SU-D).

O edificio atópase fóra de ordenación.

A finalidade da licenza é a execución dun pórtico metálico como reforzo estrutural.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 6.500,00 €

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto, Dna. Elia Estraviz Prado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o Inicio das Obras correspondentes ao proxecto aprobado.

Faise constar que o concelleiro sr. Bouza Rey non participa na votación da presente licenza de obras por ter interese directo no asunto, según manifesta.

4.- LICENZAS DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS.

A) LICENZAS DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ FRANCISCO FERNÁNDEZ GUERRERO PARA APERTURA E FUNCIONAMIENTO DE RESTAURANTE EN AVDA. DO MAR Nº 40.

Dada conta do expediente 3/2008-ac, que se instrúe a instancia de D. José Francisco Fernández Guerrero, de solicitude de licenza municipal de actividade para apertura e funcionamento de Restaurante a instalar en Avda. do Mar nº 40, desta localidade, dacordo co proxecto redactado por D. Tomás García Monteagudo de data xuño de 2008 visado polo C.O.A.G. en data 01.07.2008, e documentación anexa visada polo C.O.A.G. en data 22.07.2009.

Atendido que durante o trámite de información pública non se ten presentado alegación ningunha, e atendidos así mesmo os informes emitidos pola Arquitecta Municipal en data 11.08.2009 e pola Delegación Provincial da Consellería de Sanidade en data 11.11.2009, obrantes no expediente, e considerando que na tramitación do expediente cumpríronse as disposicións de aplicación e que o emprazamento e medidas correctoras propostas son conformes coa normativa urbanística, ordenanzas municipais e Regulamento de 30 de novembro de 1961 e disposicións concordantes.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a licenza de actividade á que se refire o expediente.

Segundo.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no art. 33 do referido regulamento.

B) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRAMITADO A INSTANCIA DE Dña. SILVIA CARRIÓ MORENO en representación de SYLCADENT S.L. PARA APERTURA E FUNCIONAMIENTO DE CLÍNICA DENTAL EN AVDA. DE GALICIA Nº 47-49, 2º D.: LICENZA PROVISIONAL.

Visto o expediente instruído a instancia de Dña. SILVIA CARRIÓ MORENO en representación de SYLCADENT S.L., que solicita a regulamentaria licenza municipal para apertura e funcionamento de CLÍNICA DENTAL, a instalar en Avda. de Galicia nº 47-49, 2º D.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da corporación municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, este organismo, con data 18 de novembro de 2009, informa cualificando dita actividade como MOLESTA, INSALUBRE, NOCIVA E PERIGOSA.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local a concesión da licenza solicitada, en virtude da delegación conferida pola Resolución da alcaldía núm. 373/2007 de data 19 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita para apertura e funcionamento, segundo proxecto de actividade redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rodríguez Paz, de data marzo de 2009, visado polo C.O.A.A.T. en data 02.04.2009.

Así mesmo, deben cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, de data 18 de novembro de 2009, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que son as seguintes:

- 3.4 *“Deberá cumprir o establecido na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, no seu Regulamento aprobado por Decreto 150/99 do 7 de maio (DOG, nº 100 do 27 de maio de 1999) e nas respectivas ordenanzas municipais. Tal como se establece no artigo 4º desa Lei, non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto que non estea comprobado, polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica”.*
- 6.1 *“Deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como **pequeno produtor de residuos perigosos** no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de **produtor de residuos perigosos** en caso de superar a antedita cantidade. Todo iso segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005)”.*
- 6.7 *“Todos os residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado”.*
- 6.2 *“Deberá solicitar autorización de **xestor de residuos** segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de*

Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005). O inicio de actividade estará condicionado á obtención da mencionada autorización”.

- *6.4 e 6.5 “Os envases nos que se almacenen os residuos perigosos, así como os seus peches, deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dispositivos axeitados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o solo, segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, do 30 de xullo de 1988). Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido neste Real Decreto”.*
- *7.10 “Deberá solicitar autorización da Consellería de Sanidade como «establecemento sanitario» (Decreto 77/2001, do 29 de marzo, DOG nº 72, do 11 de abril)”.*
- *7.12 “Deberá solicitar autorización da Consellería de Innovación e Industria para utilización de aparellos de raios X con fins de diagnóstico médico (R.D. 1891/1991, do 30 de decembro)”.*

Así mesmo non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que polo interesado se aporte certificación expedida por empresa ou entidade homologada respecto do cumprimento da normativa sobre contaminación acústica, e se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas Arcas Municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Tesourería municipal.

Notifíquese esta resolución ao interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interpoñer.

Comuníquese igualmente á referida Delegación Provincial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo de tres días, para cumprir o preceptuado polo art. 6º da Instrución de 15 de marzo de 1.963, en relación co Real Decreto de Transferencias sobre a materia e disposicións complementarias.

C) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADO A INSTANCIA DE REPSOL BUTANO S.A. PARA INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO DE ALMACENAMENTO DE G.L.P. EN R/ MARÍA Nº 32-34-36: LICENZA PROVISIONAL.

Visto o expediente instruído a instancia de REPSOL BUTANO, S.A, que solicita a regulamentaria licenza municipal de actividade para instalación e funcionamento de DEPÓSITO DE G.L.P, a instalar en R/ María nº 32-34-36.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio

Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este organismo, con data 11 de agosto de 2006, informa cualificando dita actividade como MOLESTA e PERIGOSA.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local a concesión da licenza solicitada, en virtude da delegación conferida pola Resolución da alcaldía núm. 373/2007 de data 19 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita para apertura e funcionamento, segundo proxecto de data maio de 2008 visado polo C.O.E.T.I. en data 13.06.2008, redactado pola enxeñeira técnica industrial D. Susana Veiga Castro.

Así mesmo, deben cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, de data 18 de novembro de 2009, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que son as seguintes:

- 6.7 *“Todos os residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado”*.

Así mesmo non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas Arcas Municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Tesourería municipal.

Notifíquese esta resolución ao interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interpoñer.

Comuníquese igualmente á referida Delegación Provincial de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no prazo de tres días, para cumprir o preceptuado polo art. 6º da Instrucción de 15 de marzo de 1.963, en relación co Real Decreto de Transferencias sobre a materia e disposicións complementarias.

D) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADO A INSTANCIA DE Dña. ANGÉLICA MARÍA GARCÍA VÁZQUEZ PARA APERTURA E FUNCIONAMENTO DE ÓPTICA-PARAFARMACIA EN R/ PETEIRO Nº 1: LICENZA PROVISIONAL.

Visto o expediente instruído a instancia de Dña. ANGÉLICA MARÍA GARCÍA VÁZQUEZ, que solicita a regulamentaria licenza municipal para apertura e funcionamento de ÓPTICA-PARAFARMACIA, a instalar en R/ Peteiro nº 1.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da corporación municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, este organismo, con data 18 de novembro de 2009, informa cualificando dita actividade como MOLESTA.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local a concesión da licenza solicitada, en virtude da delegación conferida pola Resolución da alcaldía núm. 373/2007 de data 19 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita para apertura e funcionamento, segundo proxecto de actividade redactado polo arquitecto técnico D. Manuel G. Antón Villamil, de data setembro de 2006, visado polo C.O.A.A.T. en data 18.06.2006.

Así mesmo, deben cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, de data 18 de novembro de 2009, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que son as seguintes:

- 3.4 *“Deberá cumprir o establecido na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, no seu Regulamento aprobado por Decreto 150/99 do 7 de maio (DOG, nº 100 do 27 de maio de 1999) e nas respectivas ordenanzas municipais. Tal como se establece no artigo 4º desa Lei, non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto que non estea comprobado, polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica”.*
- 6.7 *“Todos os residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado”.*

Así mesmo non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que polo interesado se aporte certificación expedida por empresa ou entidade homologada respecto do cumprimento da normativa sobre contaminación acústica, e se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas Arcas Municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Tesourería municipal.

Notifíquese esta resolución ao interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interpoñer.

Comuníquese igualmente á referida Delegación Provincial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo de tres días, para cumprir o preceptuado polo art. 6º da Instrucción de 15 de marzo de 1.963, en relación co Real Decreto de Transferencias sobre a materia e disposicións complementarias.

5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 673/2009

Tendo en conta o informe emitido polo arquitecto da oficina do Ari, Alejandro García Virosta, de data 9 de decembro de 2009, relativa a aplicación do artigo 8.3 da ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación. Atendido asimesmo, que polo secretario da corporación se manifesta verbalmente a súa conformidade coa interpretación na aplicación do artigo 8.3 da ordenanza do Ari, que se recolle no informe do arquitecto, xa citado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1. Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 673/2009 de 29 de setembro, por axustarse as axudas concedidas á normativa contida na ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios, vivendas e urbanizacións no ámbito das áreas de rehabilitación integral do Concello de Mugardos. Resolución que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 673//2009.- Asunto: Concesión Definitiva de axuda da Área de Rehabilitación Integral. ARI-2008.

*Tendo en conta o informe emitido polo arquitecto da oficina municipal de rehabilitación en data 28.09.2009, obrante no expediente, e de acordo co disposto no artigo 33 da Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación, polo presente **RESOLVO:***

***Primeiro.-** Aprobar definitivamente e con cargo á partida 2009.0.432.0.78001, a axuda á solicitante e nas contía que de seguido se indica:*

DATOS INMOBLE	SOLICITANTE	SUBVENCIÓN MINISTERIO	SUBVENCIÓN CONSELLERÍA	IMPORTE TOTAL
R/ Barral nº 7	Otero Silvar, Matilde	4.500,00 €	4.500,00 €	9.000,00 €

***Segundo.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dése traslado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

***Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.”*

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

A) CERTIFICACIÓN Nº 5 FINAL DA OBRA DE "PROYECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 5-final das obras de “PROYECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARÍA, TRAMO MUELLO-CANO DA RÚA”, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), da que é adxudicatario D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L., por importe de SETE MIL SETECENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON

CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (7.739,49 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60103 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º. - Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 30.11.2009.

B) RECTIFICACIÓN ERRO PADECIDO NO ACORDO DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA "MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MEJORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA" (XGL. 05.11.2009)

Advertido erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 05.11.2009, polo que se aprobou a certificación núm. 1 da obra epigrafiada por un importe de 122.447,82 € cando o importe correcto é 122.447,84 euros, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectificar o erro padecido, quedando, en consecuencia, redactado o acordo tal como figura deseguido:

"A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1 da obra de "MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de CENTO VINTE E DOUS MIL CATROCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (122.447,84 €), con cargo á partida 2009.0.452.0.62203 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación. "

C) CERTIFICACIÓN Nº 2-FINAL DA OBRA "MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MEJORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2-FINAL da obra de "MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de DOCE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS CON DEZASÉIS CÉNTIMOS (12.550,16 €), con cargo á partida 2009.0.452.0.62203 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Aprobar a acta de recepción única da devandita obra, de data 02.12.2009.

D) CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA DE "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 5 das obras de “REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS”, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), da que é adxudicatario D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L., por importe de NOVENTA E OITO MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (98.187,06 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

E) CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DE "SEPARATA Nº3 (2ª PARTE) DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN"

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1 das obras de “SEPARATA Nº3 (2ª PARTE) DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN”, incluída no Plan de obras e servizos de 2009 (POS 2009), da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., por importe de CINCUENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS (54.534,28 €), con cargo á partida 2009.0.441.0.62701 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Que se remita copia á Excma. Deputación Provincial de A Coruña por estar incluída no POS 2009 e ser obxecto de subvención do citado organismo.

7.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
2293	18/09	2009.1.313.0.62500	CARPINTERIA JAVIER MORADO PAZ	8096.80€
			.ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL	
2288	13/2009	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ	18.755,97
			5% IMPORTE LIQUIDACION 13/2009	€

2289	3491	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES NOVEMBRO	9.384,76 €
2290	72-2009	2009.0.313.0.22612	XENEME/INTERVENCION SOCIAL, S.L. OBRADOIROS DE COEDUCACION 5º E 6º PRIMARIA E 1º ESO	3.269,99 €
2291	05/09	2009.0.432.0.22706	CIPRIANO CHAS VAZQUEZ REDACCION PROXECTO TÉCNICO PARA ELIMINACION BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA	4.060,00 €
2292	06/09	2009.0.432.0.22706	CIPRIANO CHAS VAZQUEZ REDACCION PROXECTO TÉCNICO PARA ELIMINACION DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO CENTRO DE FORMACIÓN FRANCISCO VIZOSO CANCELA	4.640,00 €

2º.- Aprobar, con carácter extrapresupostario, o seguinte gasto:

Construcciones Manuel Varela Collazo, S.L., factura 46, a cantidade de 3.192,15 euros, por traballos realizados de demolición, seguridade e saúde laboral e tratamento de residuos por mor das obras de “Demolición rúa María nº 8”, sendo o importe por conta do propietario do inmovible.

3º.- Ratificar a factura aprobada por Resolución da Alcaldía nº 759/09, que se indica deseguido:

<u>Rex.</u>	<u>Fact.</u>	<u>Partida</u>	<u>Proveedor e Concepto</u>	<u>Importe</u>
2032	09/47	2009.0.313.0.22611	ATALAIA SOCIAL S.L.N.E. PERSOAL E MATERIAL OBRADOIRO PROGRAMA UNHA PONTE NO TEMPO	3.499,97 €

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vintecinco minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE